



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Dirección Xeral de Xustiza



MEMORIA DAS ACTIVIDADES DO INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA –Imelga–

ANO 2016

Índice

Introdución

Presentación	3
Distribución territorial e de persoal	4-11

Memoria do Servizo de Clínica forense

Presentación	12
Pericia médica	13-18
Pericia psicosocial, introdución e datos xerais	19
Pericia psicolóxica	20-21
Pericia de traballo social	22-23

Memoria do Servizo de Patoloxía forense

Presentación e datos globais 2015.....	24-25
--	-------

Datos por Subdireccións

A Coruña	26
Ferrol	27
Lugo	28
Ourense	29
Pontevedra	30
Santiago de Compostela	31
Vigo	32

Evolución da pericia en patoloxía forense entre os anos 2012-2016 .	33
---	----

Evolución da morte violenta entre os anos 2012-2016	33-35
---	-------

Estudo das mortes na condución de vehículos a motor 2015	36-39
--	-------

Memoria de unidade de antropoloxía forense	40
--	----

Actividade docente, investigación científica e colaboracións	41
--	----

INTRODUCCIÓN

O instituto de Medicina Legal de Galicia, Imelga, concentra a pericia pública oficial médico legal, de psicoloxía e traballo social forense.

Estruturado en sete Subdireccións Territoriais: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo. Toda a súa actividade organízase en torno a dous grandes servizos, o Servizo de Patoloxía Forense e o Servizo de Clínica Forense.

O Servizo de Patoloxía forense concentra a actividade relacionada coa investigación xudicial da morte. O seu campo propio de actuación é o da morte violenta e a sospeitosa de criminalidade, pero determinados factores normativos, estruturais e funcionais, fan que, na práctica cotiá, o médico forense interveña en moitos casos de morte natural.

O Servizo de Clínica forense, pola súa banda, abarca todas as outras pericias médicas, psicolóxicas ou de traballo social que son demandadas por Xuíces, Tribunais e Fiscalía. A este Servizo corresponde tamén a pericia que fan as unidades de valoración integral da violencia de xénero

A pericia médica dentro do ámbito da Clínica médico forense, divídese principalmente en dúas áreas, unha de valoración principalmente física e outra de valoración principalmente psiquiátrica. Se ben en cada área poden presentarse cuestións de toda índole, no primeiro grupo destacan as pericias sobre valoración de lesións, da capacidade psicofísica e o estado de saúde, en relación con diversas situacións (dependencia, excarceracións, capacidade para realizar traballos en servizo da comunidade ou de cumpriren outro tipo de penas, etc.); no campo da Psiquiatría forense a valoración en relación coa imputabilidade, a capacidade de obra, ó dano psíquico das vítimas de delitos, as diversas pericias en torno ós trastornos por dependencia e os internamentos psiquiátricos ou residenciais, concentran a maior parte do traballo.

Por su parte, a pericia no campo da psicoloxía e do traballo social forense, concéntrase principalmente nos asuntos de familia. Nesta materia psicólogos e traballadores sociais actúan de forma conxunta como equipos psicosociais. Tamén se integran, xunto cun médico forense experto, nas unidades de valoración integral de violencia de xénero.

Os psicólogos forenses, teñen pericias específicas, que realizan de xeito independente, como a credibilidade da testemuña en menores vítimas de abuso sexual, ou a valoración do dano psicolóxico. As pericias exclusivas de traballo social son menos frecuentes, seguramente por descoñecemento do que estes profesionais poden aportar á investigación xudicial, pero si que existe pericia de traballo social exclusiva.

Ademais dos peritos, o Imelga o integran persoal funcionario dos corpos xerais e persoal auxiliar de autopsias. Os primeiros, como responsables da tramitación e xestión de todos os actos ligados a realización das probas periciais, e os segundos, como persoal técnico colaborador do médico forense, no campo da Patoloxía forense

O ámbito de actuación do Imelga é a Comunidade Autónoma de Galicia. Conta con 68 médicos forenses, 11 psicólogos, 9 traballadores sociais, 19 funcionarios dos corpos xerais e 15 auxiliares de autopsia.

Neste ano 2017 produciuse un incremento do número de efectivos psicólogos (6) e traballadores sociais (8). Tamén espérase un aumento no número de médicos forenses e persoal dos corpos xerais.

Distribución territorial e persoal do Imelga

Os seguintes cadros van a amosar as características territoriais e de poboación, así como a dotación de persoal das distintas Subdireccións do Imelga. No primeiro cadro amósanse os partidos xudiciais e municipios que integran os partidos xudiciais que corresponden a cada Subdirección e, a continuación os datos de superficie e poboación do territorio e o número de efectivos.

SUBDIRECCIÓN DE A CORUÑA	
Partidos Xudiciais	Municipios
4	39
A Coruña	A Coruña
	Arteixo
	Cambre
	Carral
	Cerceda
	Culleredo
	Oleiros
Betanzos	Abegondo
	Aranga
	Bergondo
	Betanzos
	Coirós
	Curtis
	Irixoa
	Miño
	Monfero
	Oza-Cesuras
	Paderne
	Pontedeume
	Sada
	Sobrado
	Vilarmaior
	Vilasantar
Carballo	A Laracha
	Cabana de Bergantiños
	Carballo
	Coristanco
	Laxe
	Malpica de Bergantiños
	Ponteceso



Corcubión	Camariñas
	Cee
	Corcubión
	Dumbría
	Fisterra
	Muxía
	Vimianzo
	Zas

Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2016 IGE)	559.786
Superficie	3.034,90

Persoal: 11 médicos forenses, 2 psicólogos, 2 traballadores sociais, 3 funcionarios dos corpos xerais (2 tramitadores y un auxilio xudicial) e 3 auxiliares de autopsia.

SUBDIRECCIÓN DE FERROL	
Partidos Xudiciais	Municipios
Ferrol	A Capela
	As Pontes de García Rodríguez
	As Somozas
	Ares
	Cabanas
	Fene
	Ferrol
	Mugardos
	Narón
	Neda
	San Sadurniño
	Valdoviño
Ortigueira	Cariño
	Cedeira
	Cerdido
	Mañón
	Moeche
	Ortigueira

Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2016 IGE)	183.911
Superficie	1354,90

Persoal: 5 médicos forenses, 1 psicólogo, 1 traballador social, 1 funcionario dos corpos xerais (tramitador), 2 auxiliares de autopsia



SUBDIRECCIÓN DE LUGO	
Partidos Xudiciais	Municipios
9	67
A Fonsagrada	A Fonsagrada Baleira Navia de Suarna Negueira de Muñiz Ribeira de Piquín
Becerreá	As Nogais Baralla Becerreá Cervantes Pedrafitas do Cebreiro Triacastela
Chantada	Antas de Ulla Carballedo Chantada Monterroso Palas de Rei Portomarín Taboada
Lugo	Castro de Rei Castroverde Friol Guntín Lugo Meira O Corgo Outeiro de Rei Pol Rábade
Mondoñedo	A Pastoriza A Pontenova Abadín Alfoz Barreiros Lourenzá Mondoñedo O Valadouro Ribadeo Riotorto Trabada
Monforte de Lemos	A Pobra do Brollón Bóveda Folgo do Courel Monforte de Lemos Pantón O Saviñao Quiroga Ribas de Sil Sober



Sarria	Láncara
	O Incio
	O Páramo
	Paradela
	Samos
	Sarria
Vilalba	Begonte
	Cospeito
	Guitiriz
	Muras
	Vilalba
	Xermade
Viveiro	Burela
	Cervo
	Foz
	O Vicedo
	Ouro
	Viveiro
	Xove

Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2016 IGE)	336.527
Superficie	9.858Km ²

Personal: 8 médicos forenses, 1 psicólogo, 1 traballador social, 2 funcionarios dos corpos xerais (1 tramitador e 1 auxilio xudicial), 2 auxiliares de autopsia

SUBDIRECCIÓN DE OURENSE	
Partidos Xudiciais	Municipios
9	92
A Pobra de Trives	A Pobra de Trives
	A Teixeira
	Castro Caldelas
	Chandrexa de Queixa
	Larouco
	Manzaneda
	Montederramo
	San Xoán de Río
	Viana do Bolo
	Vilariño de Conso
Bande	Bande
	Calvos de Randín
	Entrimo
	Lobeira
Celanova	A Bola
	A Merca
	Cartelle
	Celanova
	Gomesende
	Quintela de Leirado
Ramirás	



O Barco de Valdeorras	A Rúa
	A Veiga
	Carballada de Valdeorras
	Petín
	Rubiá
	Vilamartín de Valdeorras
O Carballiño	Beariz
	Boborás
	Maside
	O Carballiño
	O Irixo
	Piñor
	Punxín
	San Amaro
	San Cristovo de Cea
Ourense	A Peroxa
	Allariz
	Amoeiro
	Baños de Molgas
	Barbadás
	Coles
	Esgos
	Maceda
	Nogueira de Ramunín
	O Pereiro de Aguiar
	Ourense
	Paderne de Allariz
	San Cibrao das Viñas
	Taboadela
	Teón
	Vilamarín
Xunqueira de Ambía	
Xunqueira de Espadanedo	
Ribadavia	A Arnoia
	Avión
	Beade
	Carballada de Avia
	Castrelo de Miño
	Cenlle
	Cortegada
	Leiro
	Melón
	Pontedeva
Ribadavia	
Verín	A Gudiña
	A Mezquita
	Castrelo do Val
	Cualedro
	Laza
	Monterrei
	Oímbra
	Riós
	Verín
Vilardevós	
Xinzo de Limia	Baltar
	Porqueira
	Os Blancos
	Rairiz de Veiga



Xinzo de Limia	Sandiás
	Sarreaus
	Trasmiras
	Vilar de Barrio
	Vilar de Santos
	Xinzo de Limia

Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2016 IGE)	314.853
Superficie	7.273 Km ²

Persoal: 7 médicos forenses, 2 psicólogos, 1 traballador social, 2 funcionarios dos corpos xerais (1 tramitador e 1 auxilio xudicial), 2 auxiliares de autopsia

SUBDIRECCIÓN PONTEVEDRA			
Partidos Xudiciais	6	Municipios	28
Caldas	6	Barro	28
		Caldas	
		Campolameiro	
		Cuntis	
		Moraña	
		Pontecesures	
		Portas	
		Valga	
Cambados	6	Cambados	28
		Meaño	
		Meis	
		O Grove	
		Ribadumia	
		Sanxenxo	
Cangas	3	Cangas	28
		Moaña	
		Vilaboia	
Marín	2	Bueu	28
		Marín	
Pontevedra	5	A Lama	28
		Cotobade	
		Poio	
		Pontecaldelas	
		Pontevedra	
Vilagarcía de Arousa	4	A Illa de Arousa	28
		Catoira	
		Vilagarcía de Arousa	
		Vilanova de Arousa	

Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2016 IGE)	392.126 hab.
Superficie	1298,61 km ²

Persoal: 7 médicos forenses, 1 psicólogo, 1 traballador social, 3 funcionarios dos corpos xerais (2 tramitadores e 1 auxilio xudicial), 2 auxiliares de autopsia

SUBDIRECCIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	
Partidos Xudiciais	Municipios
10	46
A Estrada	A Estrada Cerdedo Forcarei
Arzúa	Arzúa Boimorto Melide O Pino Santiso Toques Touro
Lalín	Agolada Dozón Lalín Rodeiro Silleda Vila de Cruces
Muros	Carnota Mazaricos Muros Outes
Negreira	A Baña Brión Negreira Santa Comba
Noia	Lousame Noia Porto do Son
Ordes	Frades Mesía Ordes Oroso Tordoia Trazo Val do Dubra
Padrón	Dodro Padrón Rianxo Rois
Ribeira	A Pobra Boiro Ribeira



Santiago de Compostela	Ames
	Boqueixón
	Santiago
	Teo
	Vedra

Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2016 IGE)	445.579
Superficie	4857,06 Km2

Persoal: 10 médicos forense (1 dedicado as tarefas de dirección), 2 psicólogos, 1 traballador social, 3 funcionarios dos corpos xerais (2 tramitadores, un actuando como secretario do Instituto e 1 auxilio), 2 auxiliares de autopsia

SUBDIRECCIÓN DE VIGO	
Partidos xudiciais	5
Municipios	25
O Porriño	Mos
	O Porriño
	Salceda de Caselas
Ponteareas	A Cañiza
	Arbo
	As Neves
	Covelo
	Crecente
	Mondariz
	Mondariz-Balneario
	Ponteareas
	Salvaterra do Miño
Redondela	Fornelos de Montes
	Pazos de Borbén
	Redondela
	Soutomaíor
Tui	A Guarda
	O Rosal
	Oia
	Tomiño
	Tui
Vigo	Baiona
	Gondomar
	Nigrán
	Vigo

Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro 2016 IGE)	526.577
Superficie	1.588,17 km2

Persoal: 12 médicos forenses, 2 psicólogos, 2 traballadores sociais, 3 funcionarios dos corpos xerais (2 tramitadores e 1 auxilio), 2 auxiliares de autopsia.

MEMORIA DO SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE 2016

O longo do ano 2016 solicitáronse **31.005** pericias no ámbito da clínica forense, xerándose **28.730** informes pericias en relación coas mesmas. O número de no asistencias a citación para recoñecemento médico, psicolóxico ou social, foi de 4759 incomparencias, das cales 4.491 o foro para recoñecemento médico forense.

A realización da pericia obriga na maior parte dos casos ó recoñecemento ou consulta dos suxeitos a valorar, en unha ou varias citas sucesivas, realización de probas complementarias, valoración de documental existente no procedemento e investigación bibliográfica. En moitas ocasións se fan desprazamentos a centros hospitalarios ou domicilios e outras institucións, para a valoración das persoas residentes, daquelas que teñen imposibilidade de desprazamento ou cando se queren avaliar factores do entorno de especial interese para o caso. Estas actividades ocupan a xornada habitual dos peritos médicos, psicólogos e traballadores sociais. A elas hai que sumar o tempo necesario para a elaboración do informe e a asistencia a xuízo.

Interpretación dos datos en Clínica forense

Á hora de interpretaren as cifras que se presentan é importante coñecer que o número de procedementos xudiciais abertos e nos que se solicita un informe pericial ó Imelga, non é, polo xeral, equivalente ou igual o número de pericias, xa que logo pode solicitarse mais de unha pericia por procedemento, como no das pelexas, no que no mesmo procedemento pódese solicitar a valoración de varios lesionados. Incluso pode tratarse de pericias de diversa natureza referidas o mesmo suxeito (p.ex: valoración de lesións e dano psicolóxico nunha vítima dunha agresión). Tamén é habitual que se pidan pericias de distinta natureza, sobre distintos suxeitos nun mesmo procedemento (seguindo o exemplo anterior, as pericias sobre a vítima podería sumarse a avaliación da imputabilidade do autor dos feitos).

No caso da valoración en materia de familia, a non correlación entre número de procedementos en número de pericias dáse en todos os casos, xa que logo a intervención pericial, que nesta materia fan os psicólogos e os traballadores sociais, supón a avaliación de polo menos os suxeitos principais da estrutura familiar (pais, nais e fillos, á que se pode sumar outras persoas convivintes no seo da familia ou persoas que sen residir no mesmo domicilio teñen un papel importante na dinámica familiar, como poden ser os avós.

O seguinte cadro trata de presentar de xeito global a actividade do Servizo de Clínica forense o longo do 2016

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2016		
NÚMERO TOTAL DE PERICIA SOCILITADA		31.005
	PERICIA MÉDICA	25.088
	PERICIA PSICOLÓXICA	3.179
	PERICIA SOCIAL	2.750
NÚMERO DE INFORMES EMITIDOS		28.730
OTRAS ACTUACIONES		1.943
NO ASISTENCIAS		4.759

Pasamos a continuación a analizar de xeito independente cada unha de estas pericias.

PERICIA MÉDICA

A pericia médica, dentro do ámbito da Clínica médico forense, divídese principalmente en dúas áreas, unha de valoración principalmente física ou psicofísica, e outra de valoración principalmente psiquiátrica.

A este Servizo corresponde tamén a pericia que fan as unidades de valoración integral da violencia de xénero e tódalas outras que podan seren solicitadas por Xuíces, Fiscalías e Tribunais con respecto as persoas incursoas nun determinado procedemento.

A distribución da pericia médica en clínica forense no ano 2016 amósase no seguinte recadro:

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2016		
NÚMERO DE PERICIAS MÉDICO FORENSES		25088
	VALORACIÓN FÍSICA OU PSICOFÍSICA	13076
	PSIQUIATRÍA FORENSE	10249
	VALORACIÓN INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO	207
	OUTRAS PERICIAS	1556
NÚMERO DE INFORMES MÉDICO FORENSES EMITIDOS		24920

VALORACIÓN FÍSICA/PSICOFÍSICA

Esta área inclúe principalmente dous tipos de pericia: o estudo médico legal das lesións e a determinación da capacidade psicofísica.

O estudo médico legal das lesións pode ter por obxecto a avaliación dos danos persoais sufridos con ocasión de unha conduta con repercusión penal. O mais frecuente era que esta pericia se presentase nos supostos de accidente de tráfico.

O 1 de Xullo do ano 2015 entrou e vigor a Lei Orgánica 1/2015 de reforma do Código Penal con importantes consecuencias nas pericias de tráfico, xa que logo a despenalización das lesións derivadas de imprudencias leves deixou fora do ámbito penal numerosas condutas e, con isto, a vía que tiñan os prexudicados nestes accidentes ó acceso ó médico forense e o seu informe pericial.

Este ano xa se reflicte claramente as consecuencias da modificación legislativa con despenalización das faltas.

Pero, para poder seguir prestando un servizo pericial a sociedade por parte dos Institutos de Medicina Legal e Ciencias Forenses, e permitir o acceso das vítimas de tráfico a un informe pericial de calidade, producíronse cambios normativos, e o 1 de xaneiro de 2016 entrou en vigor a norma que, en consonancia co disposto na nova Lei Orgánica do Poder Xudicial, regula a realización de pericias a particulares por parte de estes Institutos en feitos relativos a circulación de vehículos a motor (Real Decreto 1148/2015). A solicitude de pericia a particulares foi escasa no ano 2016, pero parece que as cifras multiplicáronse no ano 2017, xa que logo as solicitudes recibidas no primeiro trimestre deste ano 2017 superaron a todas as recibidas ó longo do 2016.

Ademais da valoración do dano corporal de lesións en tráfico, que se segue facendo nos casos de lesións graves ligadas a imprudencias menos graves e en todos os casos de imprudencia grave, o estudo médico legal das lesións non mortais no ámbito penal pode ter por obxecto aclarar moitos factores de grande interese para a Xustiza como son a valoración da necesidade de tratamento e o tipo do mesmo, identificación do tipo de arma ou armas empregadas, número de agresores, condicións de especial vulnerabilidade da vítima, xeito de producirse a agresión, etc.

A determinación do estado psicofísico e unha pericia solicitada sobre todo dentro da xurisdición social, en relación coa capacidade laboral, pero tamén na xurisdición penal, como por exemplo na capacidade de cumprir unha determinada pena ou de ser obxecto de algunha medida extraordinaria por mor da enfermidade, como as excarceracións por razóns humanitarias.

O seguinte cadro amosa a distribución das valoracións físicas ou psicofísicas por tipo de pericia e o número de informes emitidos:

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2016		
VALORACIÓN FÍSICA-PSICOFÍSICA		
	Lesións en agresións ordinarias	8881
	Lesións ligadas a violencia de xénero	1144
	Lesións fortuítas	159
	Lesión laborais	546
	Lesión de tráfico	1563
	Estado de saúde	479
	Valoración da capacidade laboral	36
	Valoración da situación de dependencia	268
NÚMERO TOTAL DE PERICIAS DE VALORACIÓN PSICOFÍSICA		13076
NÚMERO DE INFORMES DE VALORACIÓN PSICOFÍSICA EMITIDOS		13.255
NO ASISTENCIAS		2899

VALORACIÓN NO CAMPO DA PSIQUIATRÍA FORENSE

No apartado da psiquiatría forense ,inda que como no caso anterior pódese solicitar calquera valoración propia desta materia médica, son estas catro pericias as que máis se demandan.

- As pericias en relación coa capacidade de culpabilidade, que se realizan no marco de moitos procedementos penais, nos que se solicita a valoración e detección de estados mentais patolóxicos que puidesen influír na capacidade de comprender e obrar do acusado ó momento da comisión do acto delituoso.
- As pericias en relación coa capacidade civil de actuar libremente no autogoberno persoal e na administración dos bens, que se realizan nos procesos de incapacidade
- A pericia na supervisión xudicial dos internamentos psiquiátricos involuntarios
- A Valoración do dano psíquico. Esta pericia pode ser de carácter exclusivamente médico ou facerse en colaboración con outros peritos, como os psicólogos e os traballadores sociais.

O ano 2016 segue a mesma tendencia que os anos anteriores, con incremento do número de pericias que se demanda neste campo

O seguinte cadro amosa a distribución da pericia médica no campo da psiquiatría forense, e o número de informes emitidos nesta materia:

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2016		
PSIQUIATRÍA FORENSE		
	Medidas de seguridade e control de tratamento	282
	Dano psíquico	225
	Determinación de drogadicción	616
	Imputabilidade	1139
	Incapacidade	3387
	Internamentos involuntarios en unidades psiquiátricas	2621
	Internamentos involuntarios en centros residenciais	1584
	Outras valoracións psiquiátricas	216
	Valoración psicosocial	29
	Valoración intelectual	14
	Valoración da personalidade	13
	Valoración cognitiva	23
	Credibilidade do testemuño	25
	Dano psicolóxico	25
	Outras valoracións psicolóxicas	41
	Valoración social	9
NÚMERO TOTAL DE PERICIA DE PSIQUIATRÍA FORENSE		10.249
NÚMERO TOTAL DE INFORMES MÉDICOS DE PSIQUIATRÍA FORENSE EMITIDOS		10.077
NO ASISTENCIAS		1386

PERICIA MÉDICA EN VIOLENCIA DE XÉNERO

Nesta materia, a intervención do médico forense pode producirse de forma illada, como valoración das lesións físicas ou psicofísicas, ou integrando a unidade de valoración integral de violencia de xénero, xunto cun psicólogo e un traballador social.

As cifras do traballo médico forense en violencia de xénero no ano 2016 reflíctense no seguinte cadro

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2016		
PERICIA EN VIOLENCIA DE XÉNERO		
	Valoración médica de lesións físicas ou psicofísicas por agresión de violencia de xénero	1144
	Valoración integral de violencia de xénero	207
NÚMERO TOTAL DE PERICIAS EN VIOLENCIA DE XÉNERO		1.351
NÚMERO TOTAL DE INFORMES MÉDICOS EN VIOLENCIA DE XÉNERO		1.067
NO ASISTENCIAS VALORACIÓN MÉDICA		129
NO ASISTENCIAS EN VALORACIÓN INTEGRAL		33

OUTRAS PERICIAS DE CLÍNICA FORENSE

E, por último, ó Servizo de Clínica forense se remiten todas as cuestión dentro das competencias da medicina que se poidan formular dende os Xulgados, Tribunais e Fiscalías con respecto de persoas inmersas nun proceso penal.

Estas pericias recóllense no apartado outros, xunto con outras pericias habituais, que non teñen encaixe específico na valoración física/psicofísica nin na psiquiatría forense como son: a valoración da adecuación dos actos médicos a “lex artis”, a valoración en relación con denuncias de agresión sexual e a determinación da idade en suxeitos indocumentados.

O seguinte cadro presenta estas outras pericias

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2016		
OUTRAS PERICIAS		
	Agresións sexuais	274
	Determinación da idade	9
	Neglixencias médicas	181
	Outras pericias	1.092
NÚMERO TOTAL DE OUTRAS PERICIAS		1.556
NÚMERO TOTAL DE INFORMES MÉDICOS DE OUTRAS PERICIAS EMITIDOS		1.359
NO ASISTENCIAS		173

A distribución territorial da actividade médica en Clínica Forense preséntase, de xeito resumido, no seguinte cadro:

SUBDIRECCIÓNS		A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Valoración de lesións	Agresións ordinarias	1786	587	1016	911	1449	1419	1713	8881
	Agresión violencia de xénero	319	57	177	128	151	85	227	1144
	Lesións fortuitas	31	3	24	9	19	22	51	159
	Lesións laborais	137	8	103	28	47	95	128	546
	Lesións tráfico	239	119	141	79	248	360	377	1563
	Nº Pericias	2512	774	1461	1155	1914	1981	2496	12293
Valoración de capacidade psicofísica	Estado de saúde	79	17	79	44	58	52	150	479
	Laboral	6	5	1	7	1	2	14	36
	Situación de dependencia	49	12	6	39	0	64	98	268
	Nº Pericias	134	34	86	90	59	118	262	783
Valoración psiquiátrica	Imputabilidade	245	56	143	77	299	87	232	1139
	Medidas de seguridade e seguimento	137	7	39	9	74	12	4	282
	Incapacitacións	637	185	819	481	425	488	352	3387
	Internamentos psiquiátricos	473	205	315	172	302	600	554	2621
	Dano psíquico	8	6	36	31	7	17	120	225
	Outros	60	9	41	24	14	58	10	216
	Determinación de drogas	16	31	64	50	26	101	328	616
	Internamentos residenciais	133	123	161	358	268	163	378	1584
	Nº Pericias	1709	622	1618	1202	1415	1526	1978	10070
Outras pericias médicas	Agresión sexual	52	12	28	17	41	43	81	274
	Determinación da idade	1	0	4	2	1	1	0	9
	Neglixencias médicas	19	9	15	17	24	45	52	181
	Outros	304	239	143	56	146	135	70	1093
	Nº Pericias	376	260	190	92	212	224	203	1557
Valoración psicosocial	Valoración de garda e custodia	2	0	0	1	0	0	1	4
	Outras	2	0	2	2	0	19	0	25
	Nº Pericias	4	0	2	3	0	19	1	29
Valoración psicolóxica	Valoración da personalidade	1	0	0	3	0	7	2	13
	Valoración intelectual	2	0	1	4	0	4	3	14
	Valoración cognitiva	2	0	1	5	0	10	5	23
	Dano psicolóxico	3	0	3	6	0	6	7	25
	Credibilidade testemuña do menor abusado	0	0	23	0	1	1	0	25
	Outros	7	2	7	2	0	19	4	41
	Nº Pericias	15	2	35	20	1	47	21	141
Valoración social	Valoración social	0	0	0	0	0	8	0	8
	Outros	0	0	0	0	0	1	0	1
	Nº Pericias	0	0	0	0	0	9	0	9
Valoración integral de Violencia de xénero	Valoración integral de Violencia de xénero	84	5	6	3	16	25	68	207
	Nº Pericias	84	5	6	3	16	25	68	207
Total de pericias		4834	1697	3398	2565	3617	3949	5029	25089
Nº de informes xerados		4431	1484	3995	2214	3459	3934	5403	24920
NON ASISTENCIAS		630	140	87	247	779	879	656	3418

PERICIA PSICOLÓXICA Y PERICIA SOCIAL

Introdución y datos xerais

A psicoloxía e o traballo social forense naceu principalmente ligado ó asesoramento en materia de familia e as Fiscalías de menores, no primeiro caso como equipos psicossociais que dende o ano 2006 quedaron integrados no Imelga e, no segundo, formando parte dos equipos técnicos de menores, dependentes das Fiscalías de menores.

Inda que a práctica da psicoloxía e o traballo social forense evolucionou moito nestes últimos anos, para os psicólogos e traballadores sociais do Imelga a pericia en materia de familia é a mais común. Con respecto ós psicólogos, no pasado 2016 a pericia en materia de familia supuxo un 79,80% da súa actividade pericial. Para os traballadores sociais, a pericia nesta materia supuxo un 89,3% da súa actividade pericial.

Conxuntamente cos médicos forenses, os psicólogos e os traballadores sociais forman parte dos equipos de valoración integral da violencia de xénero.

Froito da evolución experimentada nos últimos anos, a estas pericias principais foron engadíndose outras nas que o psicólogo ou o traballador social, ben en colaboración con outros peritos, ben actuando de xeito independente, informan sobre cuestións específicas do seu campo de coñecementos.

No campo da psicoloxía forense as pericias mais habituais son as que se refiren a valoración intelectual, cognitiva, de personalidade, credibilidade do testemuño de menores abusados e dano psicolóxico. O anterior engadouse nos últimos tempos a solicitude de auxilio, por parte dos Xulgados e Fiscalías, para as declaracións dos menores e apoio as vítimas. Os traballadores sociais, pola súa banda, poden tamén erixirse en expertos para ó apoio as vítimas e poden aportar a súa perspectiva nas pericias anteriores, pero tamén fan informes de valoración social con aplicación tanto no ámbito penal (casos de imputabilidade, valoración do dano social, repercusión da discapacidade, etc.) como no ámbito civil onde o informe social pode aportar datos de moito interese a hora de avaliar a capacidade de obra dun suxeito ou asesorar a súa rede de apoio.

A continuación pasaremos a analizar a actividade pericial psicolóxica y social no ano 2016. Como no caso da pericia médica, na seguintes táboas amósanse as cifras por tipo de pericia, psicolóxica e social, e por Subdirección.

PERICIA PSICOLÓXICA

Como xa se indicou, no 2016 o traballo dos psicólogos segue centrada no traballo en materia de familia, que supón un 79.89% da súa actividade pericial, informando conxuntamente co traballador social.

Tamén realizan pericia multidisciplinar, en colaboración con estes profesionais e con os médicos forenses no terreo da avaliación integral da violencia de xénero, que supuxo cun 6,95% de súa actividade, e colaboraron cos médicos forenses en avaliacións psiquiátricas (0,5%), de lesións (0,22%) e agresións sexuais (0,15%)

Finalmente a pericia illada supuxo un 10,66% do seu traballo habitual, centrada nas seguintes pericias: credibilidade do testemuño en menores vítimas de abuso sexual (6,16%), avaliación do dano psicolóxico (2,48%), avaliación da personalidade (0,72%), avaliación cognitiva (0,53%), intelectual (0,47%) e outras pericias psicolóxicas (1,63%).

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2016		
PSICOLOXÍA FORENSE		
	VALORACIÓNS PSICOFÍSICAS	7
	VALORACIÓNS PSIQUIÁTRICAS	16
	VALORACIÓNS PSICOLÓXICAS	333
	INTERCONSULTA PSICOLÓXICA	49
	PERICIA EN VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	220
	AGRESIÓN SEXUAL	5
	OUTROS	3
	PERICIA PSICOSOCIAL EN MATERIA DE FAMILIA	2534
NÚMERO TOTAL DE PERICIA PSICOLÓXICA SOLICITADA		3.167
NÚMERO DE INFORMES EMITIDOS		2.174
OUTRAS ACTUACIÓNS		942

DISTRIBUCIÓN DA PERICIA PSICOLÓXICA POR SUBDIRECCIÓNS

No seguinte cadro amósase a carga e distribución de traballo en psicoloxía forense por Subdireccións

SUBDIRECCIÓNS			A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Valoración psicofísica	Lesións	Agresións ordinarias	2	0	0	0	0	1	1	4
		Agresións de violencia de xénero	0	0	0	1	0	0	1	2
		Lesións de tráfico	0	0	0	0	0	0	1	1
	Capacidade psicofísica		0	0	0	0	0	0	0	0
	Total por pericia		2	0	0	1	0	1	3	7
Valoración psiquiátrica	Imputabilidade		0	0	0	0	0	2	0	2
	Incapacitacións		1	0	0	0	0	1	0	2
	Internamentos involuntarios psq.		1	0	0	0	0	0	0	1
	Dano psíquico		0	0	0	0	0	4	1	5
	Outros		3	1	1	0	1	0	0	6
	Total por pericia		5	1	1	0	1	7	1	16
Valoración psicossocial	Valoración da garda e custodia		393	122	260	85	509	265	284	1918
	Adopcións e acollementos		0	0	0	0	0	0	1	1
	Modificacións de medidas		44	69	41	71	28	51	68	372
	Outras		42	31	26	33	6	47	58	243
	Total por pericia		479	222	327	189	543	363	411	2534
Outros	Agresión sexual		1	0	0	0	0	3	1	5
	Outros		1	0	0	0	1	1	0	3
	Total por pericia		2	0	0	0	1	4	1	8
Interconsulta psicolóxica	Dano psicolóxico		0	0	0	1	0	4	1	6
	Valoración da personalidade		1	2	4	2	0	3	1	13
	Valoración intelectual		0	0	3	3	0	1	3	10
	Valoración cognitiva		0	0	2	6	0	3	0	11
	Outros		0	0	3	0	4	2	0	9
	Total por pericia		1	2	12	12	4	13	5	49
Valoración psicolóxica	Credibilidade testemuña Menores abusados		44	3	23	9	28	25	60	192
	Dano psicolóxico		11	2	8	2	1	48	5	77
	Valoración da personalidade		3	0	0	4	0	1	2	10
	Valoración intelectual		0	0	0	4	0	1	0	5
	Valoración cognitiva		0	0	0	4	0	1	1	6
	Outros		5	2	7	5	14	10	0	43
	Total por pericia		63	7	38	28	43	86	68	333
Valoración integral de Violencia de xénero	Valoración de Violencia de xénero		111	3	8	4	16	10	68	
	Total por pericia		111	3	8	4	16	10	68	220
TOTAL PERICIAS			663	235	386	234	608	484	557	3167
Nº de informes xerados			558	164	314	200	346	325	267	2174
No asistencia			47	0	2	19	40	11	44	163

PERICIA SOCIAL

A pericia social realízase case toda dentro dunha avaliación multidisciplinar, ben en asuntos de familia, xunto có psicólogo, ben integrando os equipos de avaliación integral de violencia de xénero.

A pericia social illada segue sendo moi pouco frecuente, seguramente polo descoñecemento desta figura, e de o qué estes profesionais poden aportar no curso dunha investigación xudicial.

Así, de todo o traballo que realizan estes profesionais o 97,3% lígase a solicitudes de pericia multidisciplinar, ben en asuntos de familia, o que supón un 89,3% , ben nas demandas de valoración integral de violencia de xénero, cun 8%. A demanda directa de informe social non alcanza o 1,1%, pero a instancias doutros peritos, colaboran con estes dando a perspectiva social en outras pericias, especialmente en materia de dano psicolóxico (0,4%), credibilidade da testemuña dos menores vítimas de abuso sexual (0,32%) e a valoración psiquiátrica (0,25%)

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2016		
TRABALLO SOCIAL FORENSE		
	VALORACIÓNS PSICOFÍSICAS	4
	VALORACIÓNS PSIQUIÁTRICAS	10
	VALORACIÓNS SOCIAIS	25
	INTERCONSULTA SOCIAL	3
	OUTROS	15
	PERICIA PSICOSOCIAL EN MATERIA DE FAMILIA	2446
	PERICIA EN VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	167
NÚMERO TOTAL DE PERICIAS DE TRABALLO SOCIAL SOLICITADAS		2.670
NÚMERO TOTAL DE INFORMES EMITIDOS		1.658
OUTRAS ACTUACIÓNS		673

DISTRIBUCIÓN DA PERICIA SOCIAL POR SUBDIRECCIÓN

Nas seguinte táboa amósase a carga de traballo e a distribución da pericia de traballo social por Subdireccións:

SUBDIRECCIÓN			A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Valoración psicofísica	Lesións	Agresións ordinarias	0	0	0	0	0	1	0	1
		Agresións de violencia de xénero	0	0	0	1	0	0	0	1
		Lesións tráfico	0	0	0	0	0	0	0	0
	Capacidade psicofísica		0	0	0	0	0	0	0	0
	Total por pericia		0	0	0	1	0	1	0	2
Valoración psiquiátrica	Imputabilidade		0	0	0	0	0	0	0	0
	Incapacitacións		0	0	0	0	0	0	1	1
	Internamentos involuntarios psq.		0	0	0	0	2	0	0	2
	Dano psíquico		0	0	0	0	0	0	1	1
	Outros		2	0	0	0	1	0	0	3
	Total por pericia		2	0	0	0	3	0	2	7
Valoración psicosocial	Valoración da garda e custodia		393	129	261	85	518	211	282	1857
	Adopcións e acollementos		0	0	0	0	0	0	1	1
	Modificacións de medidas		44	69	41	67	28	31	67	347
	Outras		43	31	30	29	9	29	58	229
	Total por pericia		480	229	332	181	555	271	408	2456
Outros	Agresión sexual		0	0	0	0	0	0	0	0
	Outras		1	0	0	0	0	0	0	1
	Total por pericia		1	0	0	0	0	0	0	1
Valoración psicolóxica	Credibilidade testemuña Menores abusados		2	0	0	0	0	0	7	9
	Dano psicolóxico		6	0	0	0	0	3	2	11
	Valoración da personalidade		0	0	0	0	0	0	0	0
	Valoración intelectual		0	0	0	1	0	0	0	1
	Valoración cognitiva		0	0	0	0	0	1	0	1
	Interconsulta psicolóxica		0	0	3	0	0	0	0	3
	Outros		3	2	5	0	0	0	0	10
	Total por pericia		11	2	8	1	0	4	9	35
Valoración social	Interconsulta social		0	0	0	2	1	0	0	3
	Valoración social		1	0	0	3	7	1	7	19
	Total por pericia		1	0	0	5	8	1	7	22
Valoración integral de Violencia de xénero	Valoración de Violencia de xénero		110	3	8	4	17	5	73	220
	Total por pericia		110	3	8	4	17	5	73	220
TOTAL PERICIAS			605	234	348	192	583	282	499	2743
Nº de informes xerados			477	164	272	143	337	205	207	1805
No asistencia			38	1	2	6	20	8	32	107

MEMORIA DO SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE

Ó Servizo de Patoloxía forense reúne todas as pericias que teñen por obxecto coñecer a causa e a circunstancias da morte, nos casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade. A participación do médico forense na investigación xudicial da morte, tradúcese na práctica na realización do levantamento do cadáver e a posterior autopsia, así como na elaboración dos informes ligados a tales actividades.

Posteriormente realízanse todos os estudos complementarios que o médico forense estime oportunos, para aclarar a causa da morte e a súas circunstancias. Estes estudos poden recaer sobre órganos ou mostras biolóxicas, pero tamén sobre calquera elemento ou rastro atopado no cadáver. Os laboratorios de referencia para estes estudos complementarios son os de o Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses (INTCF) de Madrid, e tamén se conta coa colaboración do Instituto de Medicina Legal “Luís Concheiro” da Universidade de Santiago de Compostela, sobre todo no que atinxe a probas toxicolóxicas e de xenética forense.

Pero sendo a morte violenta e a sospeitosa de criminalidade, a intervención do médico forense na morte natural non para de crecer. Moitas destas mortes son mortes súbitas que suceden de xeito brusco en persoas sas, sen antecedentes patolóxicos que xustifiquen tal acontecemento, ó que as fai sospeitosas; pero outras moitas son mortes que suceden en persoas enfermas, con ou sen tratamento, de cuxas patoloxías son coñecedores os servizos médicos asistenciais. Séguese traballando para coñecer qué factores están na orixe desta derivación, e para procurar un procedemento común que implique os estamentos sanitarios e xudiciais, a fin de evitar a “penalización” da morta morte claramente natural no ámbito extrahospitalario.

Nesta memoria preséntanse as cifras globais do Servizo de Patoloxía forense, e por Subdireccións territoriais e faise un análise da evolución da investigación da morte nos últimos catro anos e vólvese presentar un breve estudio da morte por feitos relacionados coa circulación de vehículos a motor en accidentes de tráfico no ano 2016.

O seguinte cadro presenta de forma resumida a actividade do servizo o longo do ano 2016

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2016								
Nº AUTOPSIAS POR SUBDIRECCIÓN E NATUREZA DA MORTE								
Subdirección	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	TOTAL
Morte violenta	183	56	116	105	99	205	172	936
Morte natural	248	62	149	111	103	154	204	1031
TOTAL	431	118	265	216	202	359	376	1967

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2016		
NUMERO TOTAL DE MORTES INVESTIGADAS POR NATUREZA-ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL E CAUSA DE MORTE		
Nº MORTES INVESTIGADAS		1967
MORTE VIOLENTA		
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	17
	SUICIDA	345
	ACCIDENTAL	574
CAUSA DA MORTE	Lesións por arma branca	16
	Lesións por arma de fogo	14
	Lesións eléctricas	1
	Lesións térmicas	12
	Asfixias mecánicas	323
	Reacción adversa a drogas	35
	Intoxicacións	44
	Traumatismos	488
	No especificada	3
TOTAL		936
MORTE NATURAL		
IDADE	PERINATAL	4
	INFANTIL	4
	ADULTO	1023
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	28
	Patoloxía dixestiva	58
	Patoloxía respiratoria	84
	Patoloxía cardiovascular	753
	Patoloxía endocrino-metabólica	9
	Patoloxía xenitourinaria	10
	Outras patoloxías	22
	Indeterminadas	30
	Pendientes de resultados	37
TOTAL		1031

Igual que en anos anteriores a causa de morte mais frecuente nas mortes violentas foron os traumatismos, seguidos moi de cerca polas asfixias mecánicas.

Entre as mortes naturais, a patoloxía cardiovascular segue sendo a causa de morte mais frecuente

A continuación amósanse os mesmos datos do cadro anterior por Subdireccións:

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2016 A CORUÑA		
Nº MORTES INVESTIGADAS		431
MORTE VIOLENTA		
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	3
	SUICIDA	73
	ACCIDENTAL	107
		183
CAUSA DA MORTE	Arma branca	1
	Arma de fogo	0
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	4
	Asfixias mecánicas	62
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	5
	Intoxicacións	9
	Traumatismos	102
TOTAL		183
MORTE NATURAL		
IDADE	PERINATAL	1
	INFANTIL	0
	ADULTO	247
		248
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	10
	Patoloxía dixestiva	8
	Patoloxía respiratoria	18
	Patoloxía cardiovascular	189
	Patoloxía endocrino-metabólica	0
	Patoloxía xenitourinaria	1
	Outras patoloxías	6
	Indeterminadas	0
Pendientes de resultados	16	
TOTAL		248

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2016

FERROL

Nº MORTES INVESTIGADAS

118

MORTE VIOLENTA

ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	1
	SUICIDA	34
	ACCIDENTAL	21
		56
CAUSA DA MORTE	Arma branca	2
	Arma de fogo	0
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	0
	Asfixias mecánicas	31
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	1
	Intoxicacións	0
	Traumatismos	22
TOTAL		56

MORTE NATURAL

IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	0
	ADULTO	62
		62
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	0
	Patoloxía dixestiva	3
	Patoloxía respiratoria	1
	Patoloxía cardiovascular	51
	Patoloxía endocrino-metabólica	1
	Patoloxía xenitourinaria	0
	Outras patoloxías	0
	Indeterminadas	0
	Pendientes de resultados	6
TOTAL		62

**SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2016****LUGO****Nº MORTES INVESTIGADAS****265****MORTE VIOLENTA**

ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	2
	SUICIDA	33
	ACCIDENTAL	81
		116
CAUSA DA MORTE	Arma branca	1
	Arma de fogo	2
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	1
	Asfixias mecánicas	37
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	4
	Intoxicacións	3
	Traumatismos	68
TOTAL		116

MORTE NATURAL

IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	0
	ADULTO	149
		149
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	2
	Patoloxía dixestiva	9
	Patoloxía respiratoria	13
	Patoloxía cardiovascular	118
	Patoloxía endocrino-metabólica	3
	Patoloxía xenitourinaria	0
	Outras patoloxías	1
	Indeterminadas	3
Pendientes de resultados	0	
TOTAL		265

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2016 OURENSE

Nº MORTES INVESTIGADAS **216**

MORTE VIOLENTA

ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	1
	SUICIDA	35
	ACCIDENTAL	69
		105
CAUSA DA MORTE	Arma branca	1
	Arma de fogo	2
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	1
	Asfixias mecánicas	36
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	5
	Intoxicacións	8
	Traumatismos	52
TOTAL		105

MORTE NATURAL

IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	1
	ADULTO	110
		111
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	1
	Patoloxía dixestiva	8
	Patoloxía respiratoria	3
	Patoloxía cardiovascular	83
	Patoloxía endocrino-metabólica	1
	Patoloxía xenitourinaria	1
	Outras patoloxías	2
	Indeterminadas	7
Pendientes de resultados	5	
TOTAL		111

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2016 PONTEVEDRA

Nº MORTES INVESTIGADAS

202

MORTE VIOLENTA

ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	2
	SUICIDA	39
	ACCIDENTAL	58
		99
CAUSA DA MORTE	Arma branca	4
	Arma de fogo	2
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	1
	Asfixias mecánicas	38
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	9
	Intoxicacións	3
	Traumatismos	42
TOTAL		99

MORTE NATURAL

IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	2
	ADULTO	101
		103
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	0
	Patoloxía dixestiva	5
	Patoloxía respiratoria	7
	Patoloxía cardiovascular	75
	Patoloxía endocrino-metabólica	0
	Patoloxía xenitourinaria	1
	Outras patoloxías	5
	Indeterminadas	3
Pendientes de resultados	7	
TOTAL		103

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2016		
SANTIAGO DE COMPOSTELA		
Nº MORTES INVESTIGADAS		359
MORTE VIOLENTA		
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	5
	SUICIDA	72
	ACCIDENTAL	128
		205
CAUSA DA MORTE	Arma branca	5
	Arma de fogo	6
	Lesións eléctricas	1
	Lesións térmicas	3
	Asfixias mecánicas	60
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	4
	Intoxicacións	11
	Traumatismos	112
	No especificada	3
TOTAL		205
MORTE NATURAL		
IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	0
	ADULTO	154
		154
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	10
	Patoloxía dixestiva	11
	Patoloxía respiratoria	20
	Patoloxía cardiovascular	93
	Patoloxía endocrino-metabólica	2
	Patoloxía xenitourinaria	5
	Outras patoloxías	4
	Indeterminadas	9
	Pendientes de resultados	0
TOTAL		154

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2016

VIGO

Nº MORTES INVESTIGADAS		376
MORTE VIOLENTA		
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	3
	SUICIDA	59
	ACCIDENTAL	110
		172
CAUSA DA MORTE	Arma branca	2
	Arma de fogo	2
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	2
	Asfixias mecánicas	59
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	7
	Intoxicacións	10
	Traumatismos	90
TOTAL		172
MORTE NATURAL		
IDADE	PERINATAL	3
	INFANTIL	1
	ADULTO	200
		204
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	6
	Patoloxía dixestiva	15
	Patoloxía respiratoria	23
	Patoloxía cardiovascular	144
	Patoloxía endocrino-metabólica	2
	Patoloxía xenitourinaria	2
	Outras patoloxías	4
	Indeterminadas	8
	Pendientes de resultados	0
TOTAL		204


EVOLUCIÓN DA PERICIA EN PATOLOXÍA FORENSE ANOS 2012-2016

A practica de autopsias nestes últimos 5 anos incrementouse un 7.49%, pasando dos 1830 casos do 2012, ós 1967 do 2016

Polo que respecta a intervención en mortes violentas/mortes naturais, a intervención en supostos de morte natural superou as intervencións en mortes violentas, todos os anos menos no 2012. Este ano pasado segue a mesma tendencia pero as cifras aproximáronse mais, polo aumento da morte violenta nun 6,24% e a diminución da intervención en morte natural nun 4%

Este pasado ano o incremento da actividade no Servizo de Patoloxía forense estivo asociado a un incremento da morte violenta con diminución da intervención na morte natural

Muerte violenta/Muerte natural 2012-2014




EVOLUCIÓN DAS MORTES VIOLENTAS

Pasamos agora a analizar de xeito visual a evolución da morte violenta, agrupándoa por provincias.

Homicidios anos 2012-2016

Homicidios 2012-2016



Neste ano mantense o número de homicidios na Comunidade Autónoma, con 17 casos totais, pero cambia o mapa de distribución e, o contrario que sucedeu no ano anterior, vólvese a incrementar o número de homicidios na provincia de A Coruña, pasando de 3 a 9, e diminúen na provincia de Pontevedra, onde pasan de 11 a 5.


As Subdireccións que mais contribuíron a este aumento de homicidios na provincia de A Coruña, foron a Subdirección de A Coruña, que de non ter ningún homicidio no ano 2015, tivo 3 casos no 2016, e a Subdirección de Santiago, onde os homicidios pasaron de 2 a 5. A Subdirección de Ferrol rexistrou 1 caso de homicidio, igual que no 2015.

Na provincia de Pontevedra o descenso dos homicidios é especialmente relevante na Subdirección de Vigo, onde pasan de 8 casos a 5. Na Subdirección de Pontevedra os casos rexistrados no ano 2016 foron 2, un menos que no ano 2017.

Pola súa banda, as Subdirección de ámbito provincial de Lugo e Ourense, presenta un aumento de homicidios na primeira, de 0 a 2 e una diminución de casos na segunda, de de 3 a 1

Suicidios anos 2012-2016

A cifra de suicidios en Galicia nestes últimos 5 anos, nunca diminuíu dos 300 casos, estando cerca dos 400 no ano 2014, e arredor dos 350 nos anos 2012, 2013 e no 2016. As mellores cifras son as do ano 2015, pero inda así falamos de cifras moi altas. Para darnos conta da magnitude do problema, cabe dicir que en este último ano o as mortes por suicidio foi 2,44 veces superior as mortes por accidente de tráfico.



Con respecto a este ano 2016, rexistráronse 25 suicidios mais, o que supón un ascenso dun 7,71% con respecto o ano 2015, pasando de 324 a 349 casos.


A destacar que os suicidios incrementáronse en todas as provincias excepto en Lugo. En A Coruña pasouse de 153 casos a 179 (16,99%), Ourense de 31 a 35 (12,9%) e en Pontevedra, de 82 a 98 (19,51%).

Por Subdireccións a que experimentou maior subida de suicidios, tanto en número total como relativo, foi a Subdirección de Ferrol, xa que logo pasaron dos 20 suicidios do ano 2015, ós 34 deste pasado ano 2016, o que supón un incremento do 70%. Séguenlle as Subdireccións de Pontevedra, cun incremento do 25,81% dos suicidios con respecto o ano anterior, Santiago cun 16,13%, Vigo cun 15,69%, Ourense cun 6,45% e A Coruña cun 2,82% de incremento.

Po la contra é salientable o descenso do suicidio na provincia de Lugo, cunha caída do 43,1% en relación co ano anterior.

Con estes datos a taxa de suicidio (casos por 100.000 habitantes, excluídos os menores de 5 anos) das distintas provincias galegas no pasado ano 2016 foi a seguinte:

Taxa de suicidio




Datos de poboación 2016 do IGE

Morte accidental anos 2012-2016

As mortes accidentais non se presentan nunha distribución provincial, por canto a morte e, por tanto, a práctica da autopsia, púidose producir nunha provincia diferente á que se produzo o sinistro, naqueles casos de morte diferida e tratamento hospitalario, tendo en conta os servizos médicos de referencia para algunhas patoloxías (unidades de queimados, de lesionados medulares, etc)

A evolución global das mortes accidentais en Galicia, de este tipo de mortes é a que se amosa a continuación



Dentro do total de mortes accidentais, contabilízanse as mortes na circulación de vehículos a motor, as que a memoria do Servizo de Patoloxía estuda dun xeito máis pormenorizado.

ESTUDO DAS MORTES NA CIRCULACIÓN

Interpretación dos datos

Como en anos anteriores facemos un análise mais pormenorizado dos falecementos accidentais no uso de vehículos a motor. Manexamos un concepto máis amplo que o de accidente de tráfico, xa que logo incluímos neste tipo de accidentes os que suceden en todo tipo de vías e por calquera vehículo a motor, ademais de contabilizar todas as mortes en relación con estes feitos, tanto as que se producen de forma inmediata ou nas horas posteriores ó accidente, coma aquelas que se producen de xeito diferido, días, semanas ou meses despois, como consecuencia da evolución y/ou complicacións xurdidas en relación directa coas lesións sufridas no momento do sinistro.


Por unha e outra razón as nosas cifras de mortos poden non coincidir coas que manexan outros organismos dado que o concepto de accidente de tráfico é máis restrinxido e nas súas estatísticas inclúense só os falecementos que se producen nun tempo limitado despois do sinistro.

Por último, a distribución xeográfica dos accidentes mortais tampouco teñen por que coincidir con outros estudos de sinistralidade, xa que logo, nos accidentes con supervivencia inmediata, a morte do suxeito pódese producir nun territorio distinto ó que sucedeu o sinistro.

Mortes en accidentes de circulación de vehículos a motor

Este ano volveu a aumentar o número de vítimas en accidentes de circulación. Con 143 vítimas mortais se volve ó mesmo número de vítimas que no 2014

A evolución nestes catro anos, amósase graficamente no seguinte cadro:



No estudo dos accidentes de circulación mortais en Galicia, analizamos a distribución por idade, sexo, circunstancias do falecido e presentación o longo do ano.

A morte en accidente de tráfico ten nos homes as vítimas mais numerosas, xa que logo supoñen un 78,68% dos falecidos por esta causa, fronte o 21,31% de mulleres. O número de homes falecidos en accidentes de tráfico supera o de mulleres en todas as Subdireccións.

MUERTES EN ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN – DISTRIBUCIÓN POR SEXO

DISTRIBUCIÓN POR SEXO	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Mulleres	6	0	7	5	1	9	4	32
Homes	21	7	22	10	12	23	16	111
	27	7	29	15	13	31	20	143

MUERTES EN ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN – DISTRIBUCIÓN POR EDAD

DISTRIBUCIÓN POR GRUPOS DE IDADE	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
MENORES DE 15 AÑOS								1
0-4	0	0	1	0	0	0	0	1
5-9	0	0	1	0	0	0	0	0
10-14	0	0	0	0	0	0	0	0
MENORES DE 30 AÑOS								29
15-19	4	1	2	0	0	0	0	7
20-24	3	1	0	2	0	2	1	9
25-29	1	0	1	2	2	2	5	13
MENORES DE 45 AÑOS								25
30-34	0	0	2	0	0	1	1	4
35-39	2	0	4	2	3	2	2	15
40-44	2	0	3	0	1	0	0	6
MENORES DE 60 AÑOS								31
45-49	3	0	1	1	0	6	2	13
50-54	1	0	3	1	2	1	2	10
55-59	0	1	1	0	1	3	1	8
MENORES DE 75 AÑOS								25
60-64	0	1	3	0	0	3	1	8
65-69	2	0	2	0	2	1	1	8
70-74	1	0	2	2	0	4	0	9
MENORES DE 85 AÑOS								23
75-79	6	0	1	4	0	2	0	13
80-84	0	1	1	1	1	4	2	10
MÁS DE 85 AÑOS								9
85-89	1	1	1	0	1	1	2	7
+90	1	1	0	0	0	0	0	2
TOTAL	27	7	29	15	13	32	20	143

MUERTES EN ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN – DISTRIBUCIÓN POR MESES

DISTRIBUCIÓN POR MESES	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Xaneiro	1	0	2	1	0	0	2	6
Febreiro	4	0	4	1	0	5	4	18
Marzo	1	1	2	0	1	3	3	11
Abril	2	2	3	1	1	2	0	11
Maio	2	2	0	1	2	0	0	7
Xuño	1	1	3	2	2	1	1	11
Xullo	2	0	0	3	3	5	1	14
Agosto	3	0	5	2	0	1	1	12
Setembro	2	0	1	0	1	4	2	10
Outubro	2	0	0	0	0	5	5	12
Novembro	6	0	4	2	2	3	0	17
Decembro	1	1	5	2	1	3	1	14
TOTAL	27	7	29	15	13	32	20	143

Circunstancia do falecido

Conductor vehículo a motor					Ocupante	Ciclista	Peón	No consta
Turismo ou furgoneta	Camión	Moto	Tractor	outro				
65	0	18	1	1	19	3	34	2
85								

TIPO DE ACCIDENTE

Atropelo peón	Saída de vía	Colisión entre vehículos	Atropelo de ciclista	Outros	No consta
35	47	51	3	3	4

Especial interese dedicamos a coñecer a influencia do alcohol e as drogas de abuso na xénese dos accidentes de circulación mortais. Neste estudo a colaboración dos axentes das FCSE que interveñen nos accidentes é fundamental: a finais do ano 2014 púxose en marcha unha colaboración coa a Garda Civil de Tráfico e coas Policía Localis con competencias na investigación de accidentes de tráfico, a fin de coñecer de xeito fehaciente, no momento de realizaren as autopsias, as circunstancias do falecido en relación co sinistro e o tipo de sinistro acaecido. Estes datos permiten seleccionar aquelas vítimas nas que está indicado o estudo de alcohol e drogas (condutores, peóns e ciclistas), podendo facer un estudo axeitado sobre a influencia destes tóxicos na xénese dos accidentes de tráfico mortais. Tamén se incluíu na analítica toxicolóxica os psicofármacos, concretamente as benzodiazepinas, dado o gran consumo destes fármacos en España e a súa influencia na conducción.

Das 122 vítimas susceptibles de seren incluídas no estudo, por tratarse de condutores, peóns ou ciclistas, descartáronse aqueles falecidos cuxa morte foi diferida e con tratamento médico. Así, mostra quedou en 114 falecidos, nos que se atoparon 45 positivos: 38 deles foron positivos a alcohol o que supón un 33,3% do total; en 31 casos se atopou o alcohol como único tóxico, en 4 casos combinado con drogas y en 3 con psicofármacos.

Toxicoloxía: alcohol, drogas de abuso, psicofármacos e combinacións destas sustancias en condutores de todo tipo de vehículos, ciclistas ou peóns falecidos

Alcohol	Drogas de abuso	Psicofármacos	Alcohol + drogas de abuso	Alcohol + psicofármacos	TOTAL
31	2	5	4	3	45

Dos 38 positivos ó alcohol, 32 casos superaban os límites de alcohol permitidos para os condutores en xeral (0,5 gr/l en sangue o 0,25 mgr/l en aire espirado) e destes, un 78,12% atopábanse por encima do 1,5 gr alcohol/litro de sangue

Alcohol en sangue (gr/l)	< 0,5	0,5-1	1-1,5	1,5-2	2-2,5	2,5-3	3-3,5	> 3,5
Nº de casos	6	2	5	6	5	6	6	2

O nivel de psicofármacos, pola súa banda, estivo en todos os casos en niveis terapéuticos.

UNIDADE DE ANTROPOLOXÍA FORENSE

Dentro do Servizo de Patoloxía Forense creouse no ano 2006 a Unidade de Patoloxía Forense, cos seguintes fins:

- 1) Estudo Antropológico Forense de osos e restos humanos.
- 2) Colaboración antropológico forense nos levantamentos de cadáveres en avanzado estado de descomposición e de restos óseos en casos de interese criminal.
- 3) Aplicación de técnicas de esqueletización en casos de cadáveres en avanzado estado de descomposición sempre e cando existan fundadas razóns de interese criminal do caso.
- 4) Colaboración cos Patólogos Forenses na esqueletización de lesións óseas.
- 5) Colaboración cos Médicos Forenses que o soliciten nas valoracións de estimación da idade
- 6) Colaboración nos sucesos de múltiples vítimas mediante a aplicación de técnicas non rutinarias de identificación (antropológicas y odontológicas).
- 7) Colaboración na búsqueda de restos humanos enterrados ou ocultos.
- 8) Promoción da investigación e docencia no seu campo específico de actuación.

O longo do 2016 a Unidade de Antropología forense interveu en 23 casos, o que supón un descenso de actividade con respecto os 5 anos anteriores, volvendo a cifras do 2009.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Nº CASOS	12	22	14	35	39	52	43	39	23

A pesar deste descenso de actividade, a unidade segue mellorando, tanto nas súas dependencias como nos medios materiais.

No 2016 finalizouse a sala de esqueletización, que xa se encontra totalmente operativa.

ACTIVIDADE DOCENTE, INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E COLABORACIÓNS

Ademais da actividade pericial, o Imelga colabora na docencia, realiza investigación científica e colabora con outras entidades e organismos, proporcionando datos de gran interese sociolóxico.

Así, participa na formación práctica de estudantes do ciclo de formación profesional de Anatomía Patolóxica, dos estudantes de Psicoloxía e dos de Traballo social, e imparte varios seminarios os estudantes de medicina, para os que tamén se ten previsto organizar prácticas, tanto durante ó curso, como prácticas de verán.

Os médicos forenses están implicados na investigación e na produción científica, ben liderando determinados proxectos, ben colaborando con outros profesionais, proporcionando os datos necesarios para que estes leven a cabo súas investigacións. O protocolo de conservación e restauración de materiais en antropoloxía forense, a piques de ser publicado, e froito desta colaboración. O estudo do suicidio e da violencia de xénero son dos outros dos campos de investigación abertos no momento actual.

O longo do 2015, a unidade de antropoloxía forense culminou o proxecto de esqueletización mínima, produto do cal publicouse o libro: Atlas de Antropoloxía Forense. Correlacións dende a Patoloxía Forense. No 2016 segue co proxecto de esqueletización fetal.

Finalmente, o Imelga colabora con outras entidades e organismos proporcionando datos de gran interese estatístico e sociolóxico, con importantes repercusións no desenvolvemento de programas de prevención sanitaria e de condutas de risco. O Imelga colabora activamente coa DXT e Garda Civil, no estudo dos accidentes de tráfico, e coa Subdirección Xeral de programas de fomento de estilos de vida saudables e a Subdirección Xeral de información sobre saúde e epidemioloxía, da Consellería de Sanidade, proporcionando información sobre causas de morte en xeral, e circunstancias da mesma nos casos de reacción adversa a drogas de abuso.